



## GUÍA COVID. FAMILIAS

Dada a difícil situación na que nos atopamos a colaboración das familias é fundamental para facilitar o traballo do centro educativo. Neste sentido, consideramos importante sinalar que nós somos docentes, non profesionais sanitarios, polo que só podemos por á súa disposición os medios dos que dispoñemos para que os nenos e nenas teñan o entorno escolar máis seguro posible e seguir así o protocolo da Xunta dentro das nosas posibilidades.

No verán e estas últimas semanas estivemos traballando no protocolo co fin de garantir a seguridade do noso alumnado, na sinalización do centro e dos percorridos, na colocación e distribución das mesas e das cadeiras, na elaboración de cartelería... así como realizando outras obras de arranxo de espazos, como o ximnasio.

Non obstante, non sabemos como vai evolucionar a pandemia nin os cambios que determinará a Consellería de Educación, polo que pedimos especial atención ás comunicacións que vaiamos enviando ao longo do curso a través das canles oficiais das que dispoñemos.

### CANLES DE COMUNICACIÓN

Páxina web  
Aula virtual

Abalar

Redes  
sociais

- A páxina web do centro será un dos principais medios de comunicación de información polo que é necesario que estean pendentes das novidades que vaiamos incluíndo nela. A dirección da nosa web é <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarmengarcia/>

Dende a web pódese acceder á Aula virtual do centro, que este ano vai resultar fundamental para o seguimento da actividade educativa no caso dun novo confinamento. É importante que o alumnado estea familiarizado con ela. Para rexistrarse precisamos que teñan un correo electrónico, polo que é necesario que creen un antes do día 10 de setembro

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarmengarcia/aulavirtual/>

- A información publicada na web irase complementando coa difusión da información polas redes sociais (facebook), que redireccionará á páxina web.
- Ademais enviaranse avisos e comunicacións a través de abalar, polo que é importante que o teñan instalado todas as familias antes do 10 de setembro. Existen vídeos titoriais na páxina da Xunta de Galicia que poden servir de guía



- Por teléfono (do centro, 988404056). O persoal do centro estaremos á súa disposición durante todo o curso escolar en horario lectivo para resolver ou aclarar as súas dúbidas. Non obstante, dado que a meirande parte das horas estamos nas aulas agradecemos nos chamen en horario de recreo, antes da entrada ou ben durante o comedor.
- A través do correo electrónico ([ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es](mailto:ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es)) poderán consultarnos tamén dúbidas ou outras cuestións relativas ao alumnado.

Na páxina web publicarase , a mediados de setembro, o protocolo – Plan de adaptación ao contexto da COVID do noso centro educativo.

### **EQUIPO COVID**

No centro educativo hai un EQUIPO COVID formado polas mestras definitivas que temos o horario completo no centro.

Coordinadora COVID	Laura González
Mestras colaboradoras equipo COVID	M <sup>a</sup> Teresa Rodríguez
	Raquel Pérez

Durante as primeiras semanas de curso levaranse a cabo diversas actividades/sesións co fin de que o alumnado coñeza as normas de hixiene e o funcionamento da aula virtual e doutras plataformas.

### **COMEZO DE CURSO**

- 10 de setembro: para os cursos de 4<sup>o</sup> e 5<sup>o</sup> de infantil e 1<sup>o</sup>, 2<sup>o</sup> e 3<sup>o</sup> curso de primaria
- 11 de setembro: os cursos de 6<sup>o</sup> de infantil e os de 4<sup>o</sup>, 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> de primaria

Ambos en horario habitual de setembro, de 09:45 a 15:15, o que inclúe transporte e comedor.

En calquera caso, estaremos pendentes das Instrucións da Consellería en todo momento sobre o curso escolar, por se puidera darse calquera cambio. Este comunicarse a través da páxina web e redes sociais polo que é importante que estean atentos a elas.



### ANTES DE ENTRAR NO CENTRO

- Antes de vir ao centro educativo deberán realizar unha auto avaliación dos síntomas (segundo a táboa seguinte) co fin de comprobar se estes son compatibles coa COVID.

Se algunha das respostas fóra positiva deberá chamar inmediatamente ao seu centro de saúde de referencia e avisar ao centro chamando por teléfono (988404056)

- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumno/a non poderá acudir ao centro educativo e a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a.
- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a durante a estancia no centro ou durante á chegada ao mesmo contactárase coa súa familia que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactárase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer o COVID os nenos e nenas ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ao equipo COVID do centro.
- A comezo de curso deberán asinar unha declaración responsable relativa ao mesmo.

*Táboas para a valoración de síntomas na casa, antes de vir ao centro educativo*

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<b>S</b> <b>I</b>	<b>N</b> <b>O</b> <b>N</b>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		



		S	N
		I	ON
Tivo <i>CONTACTO</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
<i>CONVIVIU</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

### CHEGADAS E SAÍDAS DO CENTRO

- O alumnado que veña no transporte escolar sentarase no sitio que teña asignado.
  - Cando un alumno/a chegue ao centro sen vir no transporte escolar entrará directamente ao centro (poderá facelo dende as 09:30 e agardar na zona correspondente ata as 09:50). Entrará só, a persoa que o acompañe non poderá entrar no centro educativo, a excepción do alumnado de infantil.
  - O alumnado deixará as súas mochilas no corredor da planta principal do centro, no espazo reservado para el (indicado co seu nome), infantil á esquerda e primaria á dereita..
  - As 09:50 soará un único timbre para subir ás aulas. O profesorado tratará de subir antes que o alumnado co fin de organizar e asegurar a hixienización das mans antes de entrar na aula.
  - O alumnado de infantil subirá ás aulas pola escaleiras da esquerda mentres que o alumnado de primaria o fará polas da dereita.
  - Para moverse polo centro, tanto infantil como primaria teñen corredores e escaleiras diferenciadas (esquerda infantil e dereita primaria), algo que deberán respectar sempre.
  - A baixada ao comedor farana escalonada, 5-10 minutos antes baixará infantil para ir lavando as mans e sentándose no comedor.
- \* **Este ano cambiaremos o horario interno do centro**, de forma que terán todas as materias entre as 09:50 e as 14:30 (cun recreo no medio de 12:20 a 12:50 para merendar). O comedor será de 14:30 a 15:20 e de 15:20 a 15:40 faremos a hora de lectura ao aire libre, sempre que o tempo o permita, separados por idades, así evitarán subir ás aulas de novo.



## **RECREOS E MERENDA**

- Tanto infantil como primaria farán a merenda da media mañá na aula. É importante que traian merenda xa que ata as 14:30 non baixamos ao comedor.
- O recreo farase en espazos diferenciados: infantil xogará na parte dianteira e lateral do cole mentres que primaria o terá na parte traseira: pista polideportiva e patio cuberto.
- A baixada e subida dos recreos farase polas escaleiras e percorridos correspondentes.
- O alumnado non poderá levar nada ao recreo da aula (nin botella de auga, xoguete...).
- Asignaremos un xoguete a cada neno/a, especialmente en infantil, que será o mesmo para todos os días e que será de uso individual, non podendo ser compartido.

## **MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA O ALUMNADO**

- É obrigatorio o uso da máscara para o alumnado maior de 6 anos de idade ao longo de toda a xornada. Recoméndase o seu uso para o alumnado de 3 a 6 anos.
- Cada alumno/a deberá traer ao centro dúas máscaras (unha que deberá traer posta e outra que traerá nun estoxo para o cambio da primeira) todos os días.
- Cada alumna/o deberá traer tamén dous estoxos ou bolsas de autopeche, unha para gardar a máscara de reposto e outra para gardar a que traen posta durante a merenda e o comedor.
- Nas aulas de primaria o alumnado estará situado de forma individual, mantendo unha distancia de separación de 1,5 metros que é o que determina a Xunta. No caso de infantil, valorarase a organización en pequenos grupos ou ben de forma individual, xa que constitúen un único grupo estable de convivencia. En calquera caso non compartirán material.
- Durante as primeiras semanas de curso o profesorado/ titores explicarán aos nenos e nenas as medidas de hixiene xerais e as medidas especiais nas diferentes materias así como nos distintos momentos e espazos do centro.
- En todos os espazos de uso habitual do centro o alumnado disporá de xel hidroalcolico, solución desinfectante, panos desbotables e papeleiras de acordo co establecido na normativa.
- O alumnado deberá seguir as indicacións do profesorado (tanto no relativo ao uso da máscara, como ao mantemento das distancias de seguridade; así como doutras que atenten contra a saúde). No caso contrario poderán aplicarse medidas sancionadoras no caso de que un alumno non obedeza as indicacións. Regularanse e recolleranse nas NOF.



- Se un alumno/a non trae máscara, en xeral, quedará illado ata que os seus familiares lle proporcionen unha. En ningún caso poderá estar sen máscara. En casos excepcionais, e sempre que a situación non sexa repetitiva. O feito de que un alumno veña varios días sen máscara poderá conlevar unha sanción, tal e como se establece nas NOF.
- Deben intentar non traer nada de valor ao centro xa que as aulas permanecerán abertas o maior tempo posible para airealas.
- Non estará permitido o intercambio de material entre o alumnado. Cada un deberá traer o seu propio material. O estoxo, cadernos... deberán vir identificados co seu nome.
- En principio, co fin de garantir a seguridade non haberá durante este curso, a non ser que mellore a situación, actividades complementarias nin saídas. Aínda así poderá haber excepcións, moi puntuais e autorizadas, se se pode garantir a distancia de seguridade.
- As familias deberán facer un traballo de concienciación a seus fillos/as acerca destas medidas para facilitar o traballo de todo o persoal do centro durante este curso escolar.
- De existir circunstancias especiais importantes para o alumnado é fundamental que o comuniquedes ao centro : como o caso de alumnado pertencente a grupos vulnerables ou de especial coidado, no caso de que algún alumno non poida facer uso das máscaras durante tempos prolongados... En calquera caso deberase acompañar do correspondente certificado médico e cunha xustificación exhaustiva dese feito.

## **FAMILIAS NO CENTRO E TITORÍAS**

- A comezos de curso proporcionarase información xeral de orientación e información a través dun comunicado publicado na páxina web. Se as circunstancias o permiten programarase unha única reunión coas familias á que só poderá acudir un único membro da familia.
- De non ser posible enviaríaselles a información a través dos medios dispoñibles: correo electrónico, páxina web...
- As familias non deberán entrar no centro educativo, salvo circunstancias moi excepcionais e no caso de alumnado de infantil.
- As titorías realizaranse principalmente por teléfono ou ben de forma telemática. Salvo circunstancias excepcionais poderán realizarse de xeito presencial. En calquera caso será necesario solicitala previamente a través do correo electrónico ([ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.gal](mailto:ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.gal)) , por teléfono (988404056) ou ben a través de Abalar.



## TRÁMITES NO CENTRO

- Para a realización de trámites no centro (certificados, etc...) é recomendable que soliciten o que precisen ou pidan cita previa no correo: [ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es](mailto:ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es) ou ben no teléfono 988404056.

## NO CASO DUN NOVO CONFINAMENTO OU SUSPENSIÓN DE CLASES

- Nas primeiras semanas de curso, e como tarde a finais do mes de setembro, trataremos de que o alumnado estea formado, informado e rexistrado para traballar coa Aula Virtual. Así o profesorado explicarlles a forma de entrar, subir traballos, enviar correos electrónicos e todo tipo de destrezas dixitais imprescindibles para o traballo na casa.
- É importante que cada alumno/a (de primaria) ou familia teña un correo electrónico a través do que poder comunicarnos no relativo a informacións e tarefas. Así pois, agradecemos creen un no caso de que non dispoñan del e nolo faciliten para poder telo nós rexistrado.
- É importante tamén que estean rexistrados en Abalar, para poder comunicarse co profesorado.
- Tamén é importante que nos comuniquen a dispoñibilidade de cada neno/a de internet e ordenador co fin de buscar solucións no caso dun novo confinamento. Enviaremos para iso unha nota a comezos de curso.
- Non permitan que seus fillos poñan escusas en caso de haber un novo confinamento. Terán tarefas que deberán desenvolver e que se irán publicando na páxina web do centro, que deben consultar con frecuencia.

En calquera caso, para calquera dúbida, suxerencia ou aclaración poden enviar un correo electrónico a: [ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es](mailto:ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es) ou ben chamar ao teléfono 988404056.



## EN RESUMO....

### NORMAS XERAIS A TER EN CONTA

- Todo o persoal do centro usará máscara en todo momento, agás para comer. Tamén o alumnado maior de 6 anos de idade. Tratarase de que, sempre que sexa posible, o alumnado de 3 a 6 anos faga tamén uso da máscara.
- O alumnado debe traer dúas máscaras, unha delas posta e a segunda gardada nunha bolsiña. É importante que traian dúas bolsas de autopeche, unha cunha segunda máscara e outra baleira que deberán baixar ao comedor para gardar a súa máscara mentres comen.
- O alumnado deberá seguir as instrucións dadas polo profesorado.
- As familias non deberán entrar no centro educativo, salvo circunstancias excepcionais, nin permanecer nel.
- As titorías faranse, agás casos excepcionais, de forma telefónica ou telemática.
- O alumnado de infantil empregará as escaleiras da esquerda e formará un grupo estable de convivencia. Fará o patio na parte dianteira e lateral do colexio.
- O alumnado de primaria, que forma o outro grupo estable de convivencia, empregará sempre as escaleiras da dereita e fará o patio e o tempo de transporte na parte traseira do colexio (pista polideportiva e patio cuberto en caso de choiva).
- Na aula sentaranse mirando todos cara os taboleiros, cunha distancia de separación de 1,5m.
- No comedor o alumnado sentarase en mesas por parellas, colocados en zigzag. As parellas estarán formados por alumnado que manteña relacións familiares ou do mesmo grupo estable de convivencia. As mesas estarán separadas entre si 1,5 m de distancia.
- Deberán crear unha conta de correo electrónico para darse de alta na aula virtual e rexistrarse en Abalar para poder manter comunicación co centro educativo.
- Todas as mañás deberán facer un rexistro/valoración que se adxunta a continuación e manter informado ao centro educativo.
- Deberán prestar atención ás novas que vaiamos publicando na páxina web do centro.
- A comunicación é fundamental, polo que agradecemos nos comuniquen e estean en contacto con nós.

\* É recomendable que teñan presentes estas instrucións porque rexerán mentres dure a pandemia e as autoridades sanitarias nolo indiquen.





## DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI número \_\_\_\_\_  
como pais/nais/titores/as legais da alumna/o \_\_\_\_\_, matriculado  
no curso \_\_\_\_\_ do centro educativo \_\_\_\_\_,  
realizo/realizamos conxuntamente a seguinte

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación  
clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento  
preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En Cenlle, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

ASINADO



## DISPOÑIBILIDADE MEDIOS ELECTRÓNICOS

O alumno/a \_\_\_\_\_ escolarizado no  
 \_\_\_\_\_ curso de educación \_\_\_\_\_ dispón na casa de:

Ordenador  
 (en caso afirmativo indicar cantos \_\_\_\_\_)

Tableta  
 (en caso afirmativo indicar cantos \_\_\_\_\_)

Teléfono móbil

Conexión á internet

Indicar como é esa conexión xeralmente \_\_\_\_\_

Ademais do anterior, temos

Correo electrónico \_\_\_\_\_

Abalar móbil

Coñecemos o funcionamento e consultamos

	Coñecemos	Consultamos		
		Diariamente	Ás veces	Nunca
A páxina web do centro				
As redes sociais do centro (facebook)				
A páxina/web da Consellería				
O correo electrónico				
Abalar móbil				

Consideramos que en xeral a nosa formación con relación ás novas tecnoloxías é:

\_\_\_\_\_